



PROGRAMACIÓN DE PEDAGOXÍA

(GRAO PROFESIONAL)

DEPARTAMENTO DE LINGUAXE MUSICAL

Contenido

1. Introducción	3
2. Obxectivos das ensinanzas	4
2.1.Obxectivos xerais do Grao Profesional.....	4
3. Obxectivos específicos	5
3.1.Grao Profesional	5
4. Metodoloxía	5
5. Atención ádiversidade.....	6
6. Temas transversais	8
6.1.Educación en valores.....	8
6.2.Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)	9
7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	9
8. Secuenciación do curso.....	9
Curso 6º GP	9
8.1.Obxectivos	9
8.2.Contidos.....	10
8.3.Avaliación	11
8.4.Medidas de recuperación.....	14
8.5.Recursos didácticos.....	14

1. Introducción

O itinerario de pedagogía musical baséase, por unha parte, no afondamento nos principios da educación musical e, por outra, na iniciación á comprensión e ao estudo do proceso didáctico.

Este itinerario posibilitalle ao alumno o acceso ao coñecemento dos principios que rexen o ensino musical e a súa forma de transmisión. Preténdese, xa que logo, posibilitarlle uns criterios de actuación concretos, partindo do coñecemento e da comprensión dos recursos das principais escolas pedagóxicas.

Este achegamento aos elementos do proceso didáctico, neste momento da súa educación musical, pretende ser de axuda para o seu futuro en relación coa música.

FUNDAMENTACIÓN LEGAL

A presente Programación didáctica baséase, en primeiro lugar na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, que incide nas ensinanzas artísticas que teñen como finalidade *proporcionar ó alumnado unha formación artística de calidade*. Por iso, todos os departamentos constituíntes do conservatorio deben mellorar os aspectos que, anteriormente, puideron desatenderse.

Dado que a LOE, concede total liberdade ás comunidades autónomas, a comunidade de Galicia desenvolveu os Decretos 198/2007, e 203/2007 do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do Grao Elemental e Profesional das ensinanzas de réxime especial de música. Este Decreto complementábase co Decreto 223/2010, do 30 de setembro, que establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais en Galicia e a orde do 4 de agosto de 2011 que desenvolve o citado decreto. Por último, é necesario ter en conta a Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

2. Obxectivos das ensinanzas

2.1. Obxectivos xerais do Grao Profesional

As ensinanzas profesionais de música deberán contribuir a que o alumnado adquira as capacidades seguintes;

- Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as función e as transformacións nos contextos históricos.
- Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- Fomentar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable de conxunto.
- Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fora dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que componen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordó coas esixencias das obras.
- Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e as épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.

- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa

3. Obxectivos específicos

3.1. Grao Profesional

- Coñecer ás escolas pedagóxicas e os seus recursos pedagóxicos no ensino da música.
- Comprender as fases do desenvolvemento evolutivo.
- Coñecer e comprender os principios da psicopedagogía xeral e a súa aplicación no ensino musical.
- Coñecer os principios do ensino musical nos niveis educativos.
- Recoñecer os elementos do proceso didáctico en xeral, e o modelo proposto pola LOE en particular.
- Diseñar , desenvolver e avaliar unidades didácticas dentro do marco das programacións de aula
- Valorar as materias e os recursos didácticos propios do ensino da música en Galicia.

4. Metodoloxía

Os principios que rixen esta programación didáctica, dotándoa de sentido son os seguintes:

- Actividade: As cousas se aprenden facéndoas , principio que va implícito na enseñanza
- Autonomía: cada alumno será orientado a aprender a traballar en grupo e tamén de forma individual
- Creatividade: toda actividade que realicemos tratará de estimular o pensamento e a imaxinación, buscando conseguir que os alumnos non repitan soamente o que decimos.
- Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas: co fin de conseguir os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións que fosen precisas na temporalización dos contidos

- Significación: será unha das vías de motivación que se empregará para que os contidos teñan aplicación reais.
- Interdisciplinabilidade: sempre trataremos de buscar relacionar os contidos da materia de pedagogía cos das outras materias do currículo que curso o alumado.

Métodos Didácticos:

Á hora de decidir os métodos didácticos tivéronse en conta os seguintes puntos de vista:

- Modelo constructivista: tomando como idea principal que o coñecemento é unha construción persoal do alumno na que elabora significados propios a partir duns coñecementos previos , a través dunha actividade intelectual e práctica.
- Aprendizaxe significativa: este modelo de aprendizaxe está moi relacionado co constructivista, xa que a adquisición de coñecemento polo alumno realizase construíndo sobre os seus propios esquemas, sumando información sobre a que xa ten, que lle será útil para aplicar noutras situación.

Para que isto se produza , debemos ter en conta ao longo de toda actividade:

- Que o alumnado teña unha boa actitude, algo que se consegue facéndolle ver que o que están a facer ten sentido, é dicir ten unha razón, unha finalidade
- Que o que se ensine presente unha estrutura lóxica dentro da materia, enfocando o traballo de forma globalizada
- Que as novas aprendizaxes se relacionen cos coñecementos previos , é dicir, os contidos deben ter significado.
- Que sexan conscientes da importancia do estudo individual, fomentando o interese e o respecto polo hábito de estudo e ensinándolles a maneira de que ese tempo sexa eficiente.

5. Atención á diversidade

Faise necesario considerar a atención ao ANEE (alumnado con necesidades educativas específicas), que inclúe extranxeiros, superdotados e os que posúen necesidades educativas

especiais, sexa por sufrir unha discapacidade física ou psíquica (sobre todo nas ensinanzas de réxime xeral.

Alumnado estranxeiro

Os dous problemas mais destacados do tratamento do alumnado estranxeiro veñen dados pola comprensión do idioma e polas tradicións propias da súa cultura. En ocasións, o rexeitamento deste tipo de alumnado a certas actividades ven dado polas costumes da súa cultura (ou pola diferenza cos plans de estudo, nalgunhas zonas exclusivamente ligadas á práctica instrumental). O principio de integración pasa por coidar as actividades formuladas, intentando aproveitar os seus coñecementos sobre determinados aspectos do currículo (por exemplo os referidos a determinados elementos do ritmo, escalas ou sonoridades concretas, compositores do seu país..). No que se refire á comprensión do idioma, e dado o carácter procedimental deste tipo de ensinanzas, non supón un gran obstáculo. En todos os casos procurárase que o alumnado inmigrante participe cos seus compañeiros e compañeira unhas actividades propostas, de forma que a súa integración véxase favorecida.

Superdotación intelectual

Defínese ao individuo superdotado como aquel que posúe aptitudes excepcionais e polo tanto, capaz de obter un rendemento superior á media. O Real Decreto 943/2003, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente, trata no seu artigo 9 os criterios xerais para flexibilizar a duración dos diversos graos, ciclos e niveles para os alumnos superdotados intelctualmente, nas ensinanzas de réxime especial. Dita flexibilización consistirá na súa incorporación a un curso superior ao que lle corresponda pola súa idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade do tempo establecido con carácter xeral. Non obstante, e ante casos excepcionais, as administracións educativas poderán adoptar medidas de flexibilización sen tal limitación; naturalmente, esta flexibilización incorporará medidas e programas de atención específica para dito alumno.

Hai que distinguir entre a superdotación intelectual e o talento. Un suxeito ten talento cando demostra aptitudes excepcionais para unha faceta artística ou cognoscitiva. Polo tanto, xunto ás necesidades educativas dos superdotados, debemos engadir as de aqueles individuos do grupo que teñan talento musical, no sentido de aceleración descrito no R.D 943/2003, ou ben elaborando actividades de ampliación (é decir, de maior dificultade que as previstas para o seu curso), de xeito que poda render segundo as súas propias capacidades.

Alumnado con necesidades educativas especiais

A atención á diversidade chega ao seu máximo exponente ao tratar ao alumnado con necesidades educativas especiais. Este tipo de discentes son persoas que presentan algún tipo de

discapacidade, polo que poden precisar unha adaptación dos recursos materiais, ou unha adecuación dos elementos do currículo (reformulación dos obxectivos, coa conseguinte adaptación dos contidos e dos criterios de avaliación).

É evidente que a aptitude do individuo non está en relación coa discapacidade que sufra, xa que como facultade humana, a música provoca na persoa unha resposta gratificante, debida á sensibilidade. Pero ademais, no alumnado discapacitado, a música pode ter outros importantes significados, xa que pode paliar esa discapacidade, axudando no proceso de integración, comunicación, estimulación, ou sobre a maneira de asumir o seu problema.

Dadas as características de estas ensinanzas, non se considera na P.D. a existencia de alumnado con discapacidade intelectual, aínda que si con discapacidade física, pero se sedera ese caso tomariáanse as medidas oportunas para solventar ou adaptarse a ese problema, dependendo da discapacidade intelectual.

6. Temas transversais

6.1. Educación en valores

Con esta programación farase fincapié na educación en valores:

- Inculcar e fomentar o rechazo a calquera tipo de discriminación baseada en diferenzas de sexo, raza, clase social e ideoloxía e categoría profesional (Educación para a PAZ e Educación para a Igualdade de Oportunidades de ambos sexos e prevención da violencia de xénero): nas clases colectivas, actividades como cantar, favorecen as relación entre o alumnado.
- Adquisición de hábitos da vida saudable e deportiva (Educación para a Saúde). A respiración, o coñecemento do corpo, as técnicas de relaxación, etc, permiten ao alumnado apreciar a importancia do coidado da saúde.
- Educación ambiental, respecto pola natureza e os seres vivos.
- Coñecemento das crenzas, actitudes e valores da nosa tradición e patrimonio cultural. A música en si mesma é patrimonio cultural de todos os pobos. Nestas clases faremos fincapié na tradición propia como a estranxeira, valorando a riqueza da que dispoñemos para formarnos como persoas.

6.2.Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

No referido ás Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) , a utilización dos medios informáticos supón un importante complemento para o traballo na aula, ampliando os recursos e procedementos. Tamén pódese pedir aos discentes a busca de información, ou ben críticas de prensa, música de filmes, visita a páxinas web de música clásica, etc.

Coa pandemia se deben implementar na aula medidas de Novas Tecnoloxías. É imprescindible que o alumnado sepa o manexo dunha aula virtual: subir ficheros, escanear documentos etc

7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

O departamento didáctico dentro das disponibilidades do centro, organizará diferentes actividades, co fin de complementar a aprendizaxe da materia, e mediante a participación activa de todo o alumnado.

Ditas actividades consistirán en recitais, concursos temáticos, concertos didácticos, saídas a exposicións, concertos e diferentes actividades relacionadas coa música.

8. Secuenciación do curso

Curso 6º GP

8.1.Obxectivos

- Coñecer as principais escolas pedagóxicas e os seus recursos no ensino da música
- Comprender as fases do desenvolvemento evolutivo
- Coñecer e comprender os principios da psicopedagogía xeral e a súa aplicación no ensino musical.
- Coñecer os principios do ensino musical nos niveles educativos
- Recoñecer os elementos do proceso didáctico en xeral, e do modelo da LOE en particular
- Diseñar e desenvolver unha programación didáctica.

- Diseñar , desenvolver e avaliar unidades didácticas dentro do contexto das programacións de aula
- Valorar as materias e os recursos didácticos dentro da música en Galicia
- Coñecer e desenvolver os recursos que proporciona a informática para a aplicación dos puntos anteriores: Word, power point, Excel, mapas conceptuais etc.

8.2.Contidos

- As escolas pedagóxicas e os seus recursos aplicados no ensino da música
- Principios da educación musical
- Métodos e sistemas actuais da pedagogía musical
- Contidos, recursos didácticos e materias para o ensino da música: instrumentos, libros de texto, cadernos de actividades, medios audiovisuais etc
- Orientacións metodolóxicas para o desenvolvemento da actividade na aula atendendo á especialidade ou familia instrumental.
- Técnicas de motivación e estudo
- Programación e avaliación
- Teoría do ensino e deseño curricular: concepto de currículo
- As programacións de aula e as unidades didácticas
- Componentes do deseño curricular: obxectivos, contidos, métodos de ensino, actividades, interacción na aula, aspectos organizativos e avaliación
- O profesorado como planificador
- O currículo da ensinanzas musicais en Galicia
- Obxectivos, contidos e orientacións metodolóxicas
- O ensino da música noutros niveis educativos
- Aproximación á didáctica
- Correntes actuais na didáctica do ensino da musica

8.3.Avaliación

8.3.1. Criterios de avaliación

- Demostrar o coñecemento dos principios pedagóxicos do ensino musical.
- Demostrar o coñecemento dos métodos e dos sistemas actuais da pedagogía musical, así como as súas aplicación máis frecuentes.
- Expor temas de música, facendo uso de recursos didácticos e materiais de novas tecnoloxías que axuden a desenvolver os contidos de cada tema
- Demostrar o coñecemento dos conceptos do currículo, dos elementos básicos e da súa concreción curricular.
- Presentar e defender unha programación didáctica para un determinado nivel do seu instrumento principal.
- Impartir unha clase con referencia a un tema musical delimitado para un determinado nivel das ensinanzas profesionais de música

8.3.2. Mínimos esixibles

- Coñecer as fases evolutivas infantís
- Coñecer os principios pedagóxicos do ensino musical
- Coñecer os conceptos de currículo e os seus elementos básicos
- Contidos, recursos didácticos e materias do ensino musical
- Técnicas de motivación
- Programación e avaliación
- Saber realizar unha unidade didáctica e defendela diante unha clase
- Defender e saber realizar unha programación.

8.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

Durante o curso o profesor/a deberá observar ao alumno, a súas habilidades e aptitudes. Deberá inducir ó alumno a analizar e reflexionar sobre as súas propias actuacións. Se deberá comprobar que se produce un aprendizaxe globalizada pola interrelación de tódolos elementos sinalados anteriormente.

A asistencia a clase é obrigatoria. Dado que o itinerario de pedagogía e unha materia de una hora semanal, o alumnado que xunte 2 faltas de asistencia por trimestre perderá o dereito a avaliación continua.

A avaliación deberá ser planificada, polo que deberase levar a cabo:

- Unha avaliación inicial de tipo diagnóstico para coñecer o punto de partida do alumnado
- Unha avaliación formativa para obter información sobre a evolución do alumnado e tamén do proceso educativo, para así poder detectar erros que poidan ser corrixidos.
- Unha avaliación final na que se determine se o alumnado acadou os obxectivos propostos e si o proceso foi eficaz. A avaliación será continua e se seguirá clase a clase a evolución do alumnado no caderno do profesor

As ferramentas de avaliación que se empregará son:

- Observación de actitude do alumno
- Análise dos seus traballos de clase, orais e escritos
- A asistencia regular, participación e comportamento nas clases
- As probas específicas que se consideren necesarias

8.3.4. Criterios de cualificación

A materia de pedagogía divídese en tres trimestres:

1º TRIMESTRE: durante o primer trimestre a materia constará de contidos teóricos e contidos prácticos. Os contidos teóricos serán dados nas clases semanais. Os contidos prácticos do primer trimestre consistirán en:

A. Resumen dun artigo: o alumnado poderá elixir entre varios artigos de contido pedagóxico. O resumen será entregado na data indicada e se fará a través da aula virtual

- B. Realización dun traballo: o alumnado poderá elixir un tema dos porotos na aula e deberá facer un traballo sobre él. Dito traballo deberá presentarse na data indicada, a través da aula virtual.
- C. Exposición do traballo: o alumnado deberá expoñer na clase o traballo feito. O traballo deberá ser exposto, explicando as ideas fundamentais do mesmo. Poderá ir cun guión ou con unha presentación de tipo PPT.

2º TRIMESTRE: durante o segundo trimestre a materia constará de contidos teóricos e contidos prácticos. Os contidos teóricos serán dados nas clases semanais. Os contidos prácticos do primeiro trimestre consistirán en:

- A. Resumen dun artigo: o alumnado poderá elixir entre varios artigos de contido pedagóxico. O resumen será entregado na data indicada e se fará a través da aula virtual
- B. Realización dun traballo: o alumnado poderá elixir un tema dos propostos na aula e deberá facer un traballo sobre él. Dito traballo deberá presentarse na data indicada, a través da aula virtual.
- C. Exposición do traballo: o alumnado deberá expoñer na clase o traballo feito. O traballo deberá ser exposto, explicando as ideas fundamentais do mesmo. Poderá ir cun guión ou con unha presentación de tipo PPT.

3º TRIMESTRE: durante o terceiro trimestre a materia constará de contidos teóricos e contidos prácticos. Os contidos teóricos serán dados nas clases semanais. Os contidos prácticos do primeiro trimestre consistirán en:

- A. Resumen dun artigo: o alumnado poderá elixir entre varios artigos de contido pedagóxico. O resumen será entregado na data indicada e se fará a través da aula virtual
- B. Realización dun traballo: o alumnado poderá elixir un tema dos propostos na aula e deberá facer un traballo sobre él. Dito traballo deberá presentarse na data indicada, a través da aula virtual.
- C. Realización e exposición dunha Unidade Didáctica : o alumnado deberá realizar una Unidade Didáctica de contido musical. Dita unidade didáctica deberá ser entregada para revisión e deberá ser exposta ante unha clase.

A cualificación da materia será ponderada do seguinte xeito:

- 70% da cualificación será a realización de todos os traballos que lle sexan encomendados ó alumnado dentro dos contidos e obxectivos propios do curso. Estas tarefas serán distribuídas ó longo do curso (tres trimestres)
- 20% da cualificación será exposición oral do traballo.

- 10% da cualificación será a participación activa na clase, o comportamento, a interacción cos compañeiros.

8.4. Medidas de recuperación

8.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios

O alumnado que suspenda algún trimestre, poderá facer unha recuperación do mesmo. Dita proba deberá estar feita antes de rematar o trimestre seguinte. A proba consistirá:

- presentación dos traballos trimestrais. A ponderación será 80%

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua por acumulación de faltas poderá presentarse a unha proba trimestral. Esta proba debera estar feita antes de que teña lugar a xunta de avaliación do trimestre correspondente. A proba consistirá:

- presentación dos traballos trimestrais: 35 % da nota do trimestre
- proba escrita dos contidos teóricos dados no trimestre en curso: 35% da nota do trimestre.

8.4.2. Probas extraordinarias de xuño

Terán dereito a esta proba os alumnos que no mes de maio non acaden unha cualificación de 5. A proba consistirá:

- proba escrita dos contidos teóricos dados durante o curso: 35% da nota final
- presentación dun traballo. O traballo constará dun mínimo de 10 folios, arial 11. O traballo se entregará o día da proba escrita. O tema será elixido polo alumno de entre os que se ofertaron durante o curso. A ponderación será 35% da nota final

8.5. Recursos didácticos

Os recursos didácticos serán os materiais utilizados polo profesor, tanto escritos como a utilización das novas tecnoloxías.